



RESOLUCION DE ALCALDÍA

Visto que foi concedida ao Concello de Trabada unha achega de financiamento parcial pola Consellería de Política Social a través dunha resolución de asignación de transferencias finalistas correntes para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios que tivo rexistro de entrada número 78/2022 en data 18 de xaneiro de 2022;

Visto que o Concello de Trabada considera como necesario e urxente reforzar á área de Servizos Sociais, se precisa convocar 1 praza para a contratación mediante concurso-oposición en réxime de persoal laboral temporal, da praza seguinte: **TRABALLADORA SOCIAL A XORNADA COMPLETA POR UN PERIODO DE 6 MESES.**

En data 26 de maio de 2022 se procede á aprobación das bases para a convocatoria e selección de unha praza de Traballador social mediante Resolución de Alcaldía número 190/2022;

Visto que durante o prazo de presentación de instancias (que tivo lugar dende o día 30 de maio de 2022 e ata o día 3 de xuño de 2022) non se presentou no rexistro de entrada do Concello de Trabada ningunha instancia;

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección de persoal referenciada, e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Abrir un segundo prazo de presentación de instancias por período de 5 días hábiles dende a súa publicación no BOP de Lugo para poder concorrir ó proceso de selección e contratación dun/ha traballador/a social a xornada completa durante 6 meses.

SEGUNDO.- Publicar o presente decreto no taboleiro de anuncios sito na Casa Consistorial, na sede electrónica do Concello de Trabada (<https://trabada.sedelectronica.gal>) e publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

TERCEIRO.- Dar conta do presente decreto na vindeira sesión ordinaria de Pleno.

En Trabada, o asina a Sra. Alcaldesa ante o Sr. Secretario na data que figura á marxe;

